

**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 04 de maio de 2020, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA CONCELEIRA DE URBANISMO

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000391

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), corrixido mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 526/19), resolveuse delegar na Xunta de Goberno local algunhas atribucións da Alcaldía (BOP nº 129, de 10/07/2019), concretamente delegouse, entre outras, a *“concesión de licenzas, salvo que as leis sectoriais llas atribúan expresamente ao Pleno, reservándose o alcalde a competencia para o outorgamento das licenzas de utilización das vías públicas mediante a entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase”*.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019), resolveuse, polo que interesa aos efectos do presente, delegar en D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de Iglesias, 1<sup>a</sup> tenente de alcalde e membro da XGL, os servizos de urbanismo, seguridade cidadá, xestión enerxética e alumeadado público e sostibilidade, delegación que, na área de urbanismo, incluía a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluíndo a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exerciciodas atribucións delegadas.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19 e a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo,

mediante Decreto da Alcaldía do 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles a Xunta de Goberno Local.

Considerando a improcedencia de celebrar, durante o estado de alarma, Xuntas de Goberno Local presenciais, sen prexuízo do establecido no novo apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 abril, que permitirá, unha vez que se adopten as medidas oportunas, celebrar as sesións dos órganos colexiados por medios electrónicos e telemáticos.

Considerando que, co fin de non provocar a paralización da actividade administrativa que, de acordo coa disposición adicional terceira do RD 463/2020, se poida seguir realizando, mediante Decreto da Alcaldía do 28 de abril de 2020 (res. 370/2020), resolveuse avocar as competencias delegadas na XGL mediante Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), Decreto que, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, surte efectos dende o día da súa data.

Considerando que, especialmente nunha situación como a actual, resulta preciso adoptar as medidas que garantan a eficacia e eficiencia na realización de actuacións administrativas no departamento de urbanismo, e nesa liña resulta convinte que sexa a concelleira da área a que asuma as atribucións precisas a eses efectos, atribucións que na área de urbanismo xa tiña delegadas mediante Decreto da alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 524/19), coa salvidade do outorgamento de licenzas, que fora delegada na Xunta de Goberno Local.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confiren os artigos 43 do ROF e 21 da LRBRL,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Delegar en D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, a atribución referida ao outorgamento de licenzas urbanísticas, incluída a resolución dos recursos de reposición contra os actos

ditados no exercicio das atribucións delegadas, durante a vixencia do estado de alarma.

**Segundo.-** A alcaldía, en calquera momento, poderá asumir a atribución delegada na presente Resolución sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

**Terceiro.-** Notificar persoalmente á D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte da delegada, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente a departamento de urbanismo, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na sede electrónica, no portal de transparencia e no taboleiro de edictos do concello, sen prexuízo de que surta efectos dende o día da súa data.

**Quinto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e Praxe

A secretaria xeral

O alcalde

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz